# BASES

XIV
# CONCURSO ESCAPARATES
2018

**1** O Concello de Arteixo, a través da súa Concellaría de Promoción e Desenvolvemento convoca o "XIV Concurso de Escaparates do Nadal 2018".

**2** Poderán participar neste concurso todos os comercios, servizos e hostalería que desenvolvan a súa actividade no termo municipal de Arteixo, sempre que cumpran todos os requisitos para o exercicio da actividade e teñan escaparate decorado con motivos do nadal como mínimo durante un período comprendido entre o **10 de decembro de 2018 e o 5 de xaneiro de 2019**

**3** Para inscribirse no concurso, deberán entregar no Rexistro do Concello de Arteixo unha **solicitude de inscrición**, segundo o modelo creado para tal efecto e que se inclúe no anexo. Igualmente tamén poderán presentarse por correo electrónico ao dirección **emprego@arteixo.org.**

**4** O **prazo de inscricións comezará** ás 9:00 horas do día **26/11/2018** e rematará ás 14:00h. do día 07/12/2018.

**5** As decoracións dos establecementos serán examinadas polo xurado o día 11/12/2018 e sucesivos de ser necesario, entre as 18:00 e as 21:00 horas.

**6** **O xurado estará composto por:**

-Dous representantes do mundo comercial e artístico especializada en técnicas de escaparatismo e merchandising.

-Técnico/a do Departamento de Promoción e Desenvolvemento do Concello de Arteixo ou, no seu defecto, a persoa na que delegue, que actuará como secretaria do xurado.

**7** Establécense catro categorías de premios dotados coas seguintes contías:

-Primeiro premio:
900 euros (novecentos euros)

-Segundo premio:
600 euros (seiscentos euros)

-Terceiro premio:
300 euros (trescentos euros).

-Accésit á orixinalidade:
300 euros (trescentos euros).

Os ditos premios estarán suxeitos ás retencións que se determine pola lexislación tributaria vixente e faranse efectivos mediante transferencia bancaria aos premiados.

Con carácter previo ao outorgamento dos premios, comprobarase que os premiados propostos polo xurado están ao corrente das súas obrigas tributarias municipais, estatais e coa seguridade social e non son debedores á facenda municipal polo reintegro de subvencións.

Non poderán obter a condición de premiadas as persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias que permitan cualificalas como beneficiarias segundo o disposto no artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.

**8** O xurado resérvase o dereito a declarar os premios desertos, se o estimase oportuno.

**9** A adxudicación dos premios farase en función dos puntos outorgables para os seguintes criterios:

-A imaxe comercial e presentación do produto: ata 4 puntos.
-A creatividade da decoración: ata 4 puntos.
-A iluminación do establecemento: ata 4 puntos.
-A composición e adecuada distribución espacial: ata 4 puntos.

A excepción do premio "Accésit á orixinalidade" onde só se terá en conta este criterio.

**10** O resultado do Concurso, quedará reflectido na acta correspondente, darase a coñecer o día **14/12/2018.**

**11** O feito de participar neste concurso presupón a aceptación de estas bases.

Recortar pola liña de puntos

## FOLLA INSCRICIÓN

### DATOS DA EMPRESA

Razón Social: ______________________________

______________________________

CIF/NIF: ______________________________

Nome Comercial: ______________________________

______________________________

Actividade: ______________________________

Enderezo: ______________________________

Email: ______________________________

Teléfono: ______________ Fax: ______________

### SO EN CASO DE PERSOAS XURÍDICAS

Nome e Apelidos: ______________________________

______________________________

DNI/NIE: ______________________________

En calidade de: ______________________________

Declaro que os datos anteriores son certos e que coñezo e acepto as bases do concurso.

Data: ______________________________

Sinatura do titular ou representante legal:

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo (A Coruña)
En virtude do artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal que voluntariamente faciliten os concursantes serán utilizados exclusivamente para este fin. Os datos non serán incorporados a ningún ficheiro automatizado. O interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ao Concello de Arteixo, Praza Alcalde Ramón do Pico 1, Arteixo.

XIV

# CONCURSO ESCAPARATES

## CONCELLO ARTEIXO

2018

## FOLLA INSCRICIÓN

**Premio ao mellor escaparate:**

**900 €**

**segundo premio:** **600 €**

**terceiro premio:** **300 €**

**Accésit á orixinalidade:** **300 €**

Para inscribirse no concurso, deberán entregar no Rexistro do Concello de Arteixo unha solicitude de inscrición, segundo o modelo creado para tal efecto e que se inclúe no anexo. Igualmente tamén poderán presentarse por correo electrónico ao enderezo emprego@arteixo.org.



ARTEIXO | Concellaría de Promoción e Desenvolvemento

Avda. Arsenio Iglesias, Parcela 46. **Pol. Ind. de Sabón.** 15142 ARTEIXO

981 64 05 72 981 64 11 66 emprego@arteixo.org

XIV

CONCURSO ESCAPARATES

CONCELLO ARTEIXO

2018

Decora o teu escaparate con motivos navideños

*e participa no concurso*

CONCELLO DE ARTEIXO | Concellaría de Promoción e Desenvolvemento